

Abril 2018

Concentracións polo XV Convenio Estatal de Atención a Persoas con Discapacidade

Convocadas pola CIG Ensino e outras organizacións Sindicais o 10 de abril ás 19 horas diante do Centro de Atención Especial de AGASFRA (Rúa Tomás Paredes, nº229, Vigo)

Logo dunha primeira concentración de delegadas e delegados da CIG-Ensino, diante de FADEMGGA o 21 de marzo en Santiago, convocamos unha segunda de traballadoras e traballadores do sector.

Esta segunda mobilización é conxunta con CCOO e UGT nunha das Asociacións máis grandes de Galiza, AGASFRA (FADEMGGA – AEDIS) en Vigo, para reincidir nun cambio radical na actitude das patronais na negociación do XV Convenio Estatal de Atención a Persoas con Discapacidade e exixir melloras laborais e salariais para o XV Convenio, así como mellora na calidade na atención aos usuarios/as. E máis cando se adiou a 6ª mesa de negociación para este 5 de abril, porque a patronal non fixo os deberes, unha vez máis, e non mandou con anterioridade as súas propostas de Clasificación profesional e salarial tal e como quedamos na anterior mesa (13 de abril) para estudala as OO.SS e podermos negociala en dita mesa. Este inmovilismo da patronal xa é un desprezo total á parte social e dende a CIG-Ensino entendemos que debería ter unha resposta máis contundente.

Esta mobilización forma parte da acción sindical acordada pola CIG cos sindicatos estatais CCOO e UGT, en todo o Estado, ante esta actitude das patronais de inmovilismo e involución na negociación do XV convenio, convocando xuntos este día 10 de abril coa finalidade de cambiar as dinámicas nestas mesas de negociación de involución en dereitos laborais e salariais e conquistarmos melloras para un convenio xusto.



Na CIG-Ensino tamén valoramos moi positivamente a unificación que acadamos das dúas plataformas reivindicativas da parte social, logo de propo-la na asemblea do día 21 os nosos representantes dos traballadores/as, coa finalidade de facermos unha fronte común todas as OO.SS (CCOO, UGT e CIG-Ensino) e así podermos acadar unhas melloras laborais e salariais que dignifiquen o convenio. Nós manterémonos firmes na defensa desta plataforma unitaria, co compromiso de someter calquera outra decisión á asemblea de delegados/as do sector pertencentes á CIG-Ensino.

Mentres non se cumpran estas demandas, así como un cambio de rumbo nas patronais, os traballadores/as están dispostos a continuar coas mobilizacións e incluso convocar paros para ser atendidas as súas reivindicacións: “ convenio digno e melloras laborais e salariais”

Liñas básicas da plataforma social unitaria con CCOO, UGT e CIG-Ensino:

- **Vacacións de 30 días, preferentemente no verán,** 15 días a elixir polo traballador/a, máis 6 a maiores a gozar durante o resto do ano, previa solicitude do traballador/a.
- **Recuperación salarial:** con subas para 2017 dun 1,25% de salarios iguais ou superiores a 1000€ e os inferiores a esta cantidade una suba lineal da cantidade que resulta de aplicar o 1,25% aos 1000€. No 2018 suba dun 2,75% para salarios superiores a 1000€ e para os inferiores a esta cantidade suba dun 5%. Nós seguintes anos de sinatura do convenio garantir o IPC con cláusula de revisión salarial, cunha % a acordar engadida ao IPC para recuperar a perda acumulada de poder adquisitivo (5,2%) dende a sinatura do XIV convenio.
- **Recuperación do complemento de antigüidade** (trienios).
- **Redución da xornada laboral a 37,5 horas semanais nos centros de atención especializada, centros especiais de emprego e persoal de administración e servizos.** Nos centros educativos igual que no ensino concertado. Axuste da xornada máxima anual á semanal. Eliminación dos descontos en caso de incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral, o primeiro mes.
- **Recoñecemento de enfermidades profesionais.**
- **Recuperación dos seis días de asuntos propios.**
- **Permiso retribuído polo tempo necesario para asistir a consultas médicas** o traballador/a, fillos e fillas menores de idade (ou acollidos/as) e familiares dependentes (pola súa idade ou enfermidade).
- **Reserva do posto de traballo durante o primeiro ano nas excedencias voluntarias,** e durante toda a vixencia das mesmas, naquelas por coidado de fillo/a menor, ou por coidado de familiar ou persoa dependente a cargo que convivan co traballador ou traballadora. a duración máxima destas tres modalidades de excedencias será de 5 anos.
- **Ao persoal que desenvolva a súa actividade en dous ou máis centros ou servizos dunha mesma empresa, no mesmo posto de traballo, aplicaráselle as mesmas condicións laborais en todos eles e serán sempre as máis favorables para o traballador/a.**
- **Recuperación do plus de gratificación:** cobro do 7% do salario anual cada 12 anos na empresa.
- **Redución da xornada para maiores de 55 anos.**



Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baioxminho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda de Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal